

Cabaleiro orante de Francisco de Moure



Información en
lectura fácil

Esta escultura de madeira é de hai 400 anos.

A escultura é a imaxe do Comendador

Fernando Manuel de Ludueña.

Naquela época

o Comendador gobernaba a zona do pobo de Beade
na provincia de Ourense.

O Comendador encargou esta escultura
ao famoso escultor Francisco de Moure.

O Comendador quería poñer esta escultura na súa tumba.

A tumba do Comendador

ía estar na igrexa de Beade cerca do altar maior.

Francisco de Moure fixo a escultura do Comendador
a tamaño natural.

Isto significa,

que a escultura tiña o tamaño real do Comendador.

A escultura do Comendador leva unha armadura
cunha estrela de 8 puntas.

Esta estrela é a imaxe da Orde de Malta.

A Orde de Malta é un grupo relixioso cristiá
que naceu en Xerusalén hai mil anos.

O Comendador formaba parte da Orde de Malta.



Información en
lectura fácil

A escultura

ten o xeonllo dereito sobre unha almofada pequena e a perna esquerda diante do corpo.

Está golpeándose o peito coa man dereita pedindo perdón polos seus pecados.

A escultura do Comendador é moi realista.

Podemos ver moi ben moitos detalles da escultura:

- os rizos do pelo
- as engurras da cara
- a barba
- un adorno de tea dobrada no pescozo
- o brillo e dureza do metal da armadura.
- unha espada atada á cintura
- os guantes das mans
- e as botas con puntas.

Francisco de Moure construíu a escultura con varias pezas unidas por cravos de ferro.

A cabeza, o corpo e parte da perna dereita son unha peza.

Os brazos e a perna esquerda son pezas diferentes.

A escultura é de madeira e non ten cores.

Os investigadores pensan que a escultura non ten cores porque o escultor quería transmitir con máis forza que o Comendador era un militar e un home relixioso.

Cabaleiro orante de Francisco de Moure



musarqourense

museo arqueolóxico provincial de Ourense



Textos adaptados por:

FADEMGA

